

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**1. Cada unha das membranas que, ao se pecharen, cobren e protexen o globo ocular:**

- A) Pálpebra
- B) Pálpebro
- C) Párpado
- D) Párparo

**2. Muller ou femia de animal que está parindo ou acaba de parir.**

- A) Partorienta
- B) Partoriente
- C) Parturienta
- D) Parturiente

**3. Enfermidade infecciosa moi contaxiosa, epidémica, causada por un paramixovirus:**

- A) Sarampelo
- B) Sarampeiro
- C) Sarampexo
- D) Sarampón

**4. Solución concentrada de azucre en auga ou noutro líquido acuoso, que pode levar substancias medicamentosas:**

- A) Chirola
- B) Sirope
- C) Xarabe
- D) Xarope

**5. Estado patolóxico do feto por hipoxia durante o embarazo ou o parto:**

- A) Sofremento fetal
- B) Sufrimiento fetal
- C) Sufrimento fetal
- D) Sufrimento fetal

**6. Porción do esqueleto óseo en forma de bacía que se articula por unha parte coa columna vertebral e, pola outra, cos membros inferiores.**

- A) Pelva
- B) Pelve
- C) Pelves
- D) Pelvis

**7. Estreitura patolóxica conxénita ou adquirida dun orificio ou conduto dunha víscera ou conxunto anatómico.**

- A) Estenose
- B) Estenoses
- C) Extenose
- D) Estenosis

**8. Oclusión dunha abertura natural.**

- A) Atrese
- B) Atresia
- C) Atrexe
- D) Atrexia

**9. Parte modificada da mucosa bucal, que cobre os arcos dentais e está adherida ao colo dos dentes:**

- A) Enciva
- B) Enxiva
- C) Xenciva
- D) Xenxiva

**10. Sinale a definición gramaticalmente correcta de Signo de Pinard:**

- A) Dolor aguda á presión exercida sobre o fondo do útero
- B) Dolor agudo á presión exercida sobre o fondo do útero
- C) Dor aguda á presión exercida sobre o fondo do útero
- D) Dor agudo á presión exercida sobre o fondo do útero

Preguntas de reserva

**1. Porción inferior e estreita do útero, comprendida entre o orificio e o corpo.**

- A) Coello
- B) Colo
- C) Gorxa
- D) Pescozo

**2. Sinale a definición gramaticalmente correcta de episiotomía:**

- A) Sección cirúrxica do orificio vulvar para previr un esgarro grave do perineo
- B) Sección cirúrxica do orificio vulvar para previr unha esgazadura grave do perineo
- C) Sección quirúrxica do orificio vulvar para previr un esgarro grave do perineo
- D) Sección quirúrxica do orificio vulvar para previr unha esgazadura grave do perineo